



Concello de FRADES
Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Telefs: 981 – 695567 y 69 56 63 Fax: 981-695579
E-mail: correo@frades.gal

BANDO

ROBERTO REY MARTINEZ

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

MEDIDAS E RECOMENDACIÓNS ANTE A PANDEMIA DE CORONAVIRUS

Dende o Concello de Frades seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias tanto estatais como autonómicas respecto á pandemia do coronavirus COVID-19, comunícase:

- A suspensión de tódalas actividades culturais, educativas, sociais e deportivas.
- O peche dos edificios e instalacións municipais:
 - Biblioteca Municipal
 - Edificio Multiúsos
 - Pavillóns polideportivos municipais.
 - Campos de fútbol
 - Parques infantís e biosaudables
 - Todos os locais sociais municipais das parroquias e Centro da Terceira Idade.

A atención presencial na Casa Consistorial limitárase ás oficinas de Rexistro Xeral e de Padrón de Habitantes, pregando que na medida do posible os veciños empreguen medios telefónicos (981695567) ou telemáticos para calquera dúbida.

No resto dos servizos municipais a atención será exclusivamente telefónica e telemática. No caso de ser precisa atención presencial deberá solicitarse previamente en cada servizo.

Todos os usuarios poden utilizar medios telemáticos para a xestión administrativa para o que está dispoñible a sede electrónica do Concello <https://sede.frades.gal/opencms/gf/>

Dende o concello manteremos informada a toda a poboación a través do Facebook e da aplicación “Frades Informa” e en caso de dúbida chamen ó telefono do concello 981695567 ou ós teléfonos 649034377 (Tito- Alcalde) e 608082875 (Manuel- Teniente de Alcalde)

Por último recomendase que se extremen os coidados persoais e se cumpran as recomendacións das autoridades sanitarias, e na medida do posible permanezan nos seus domicilios para evitar que os contaxios continúen aumentando.

Frades 13 de marzo de 2020

O Alcalde

Roberto Rey Martinez

